

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

*ORDE do 12 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión no ano 2026 das axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á apertura do prazo para a adhesión dos comercios (código de procedemento CO301B).*

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, establece que lle corresponden á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

Neste marco de referencia, o 31 de marzo de 2025 o Consello da Xunta aprobou o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, coa finalidade de incrementar a competitividade do comercio galego apoiándose na modernización, a innovación, a sustentabilidade e as novas tecnoloxías, así como consolidar o sector comercial como un sector profesional, cualificado, de calidade e fortalecido que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade sustentable.

Para a consecución desta finalidade, o plan estrutúrase en torno a tres eixes de actuación prioritarios. Dentro do eixe 2, Dinamización e visibilidade do comercio, inclúese a medida 2.2: dinamizar e incentivar o consumo no comercio local e, dentro desta, a acción 2.2.1.: realzar campañas para incentivar o consumo no comercio local. Bono Activa Comercio.

Co fin de continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista galego, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vai convocar, por sexto ano consecutivo, o programa bonos Activa comercio dada a repercusión positiva que tiveron as anteriores edicións do programa na reactivación das vendas no comercio de proximidade galego, que fixeron posible que numerosas persoas se puidesen beneficiar destas axudas.



A finalidade desta edición do programa bonos Activa comercio é continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista, promovendo as compras de bens en comercios e paliando o impacto negativo derivado da crise económica, obxectivos estes que, no contexto da actual situación inflacionista, tamén terán un impacto positivo na economía das persoas consumidoras ao se poderen beneficiar de descontos nas compras que realicen no seu comercio de proximidade.

Os bonos Activa comercio poderán utilizalos as persoas físicas maiores de idade nos establecementos comerciais retailistas radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran ao programa. As persoas consumidoras son parte activa e fundamental para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica do seu comercio de proximidade.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Bases reguladoras*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a concesión, no ano 2026, das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retailistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Así mesmo, por medio desta orde procédese á apertura do prazo de adhesión dos comercios interesados (código de procedemento CO301B).

##### Artigo 2. *Obxectivos*

O obxectivo do programa bonos Activa comercio é incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retailistas adheridos á campaña.

Ademais, o programa ten como finalidades propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista da Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista.



**Artigo 3. Orzamento**

1. Para a concesión destas axudas destinarase o orzamento que se estableza nas correspondentes ordes de convocatoria de cada unha das edicións do programa.

O dito orzamento financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

2. O orzamento poderase incrementar en función da evolución do programa bonos Activa comercio co obxecto de aumentar o número de persoas beneficiarias e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) Da transferencia de crédito, por ser o procedemento de concesión da subvención o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

**Artigo 4. Entidade colaboradora**

A entrega e a distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Orde do 8 de xaneiro de 2026 pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301A), publicada no DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2026.



**Artigo 5. *Actividade subvencionable***

1. Por medio desta orde subvencionarase a compra de bens, a través dos bonos Activa comercio, nos establecementos comerciais retalistas de Galicia adheridos ao programa, así como a prestación dos correspondentes servizos no caso das epígrafes do IAE 972.1 e 972.2.

2. As vendas subvencionadas serán as que se realicen nas datas fixadas nas correspondentes ordes de convocatoria de cada unha das edicións do programa bonos Activa comercio.

3. Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de ata 30 € para as compras realizadas nos comercios adheridos. Poderase usar cada bono ata o seu esgotamento ou, de ser o caso, ata o esgotamento do crédito dispoñible no programa.

O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada, de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

4. Os bonos Activa comercio non se poderán utilizar para a adquisición de tarxetas regalo, vales, bonos ou similares.

**Artigo 6. *Natureza das axudas***

As axudas que se concedan no marco do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio terán a consideración de subvencións a fondo perdido non reintegrables.

**Artigo 7. *Procedemento de concesión***

O procedemento para a concesión das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no ar-



tigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde das solicitudes, ata o esgotamento do crédito previsto no artigo 3 destas bases reguladoras.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si polo interese especial en promover actuacións que fomenten o consumo nos comercios retalistas, cumprindo os requisitos especificados nesta orde.

#### Artigo 8. *Órgano responsable da xestión das axudas*

O órgano responsable da xestión das subvencións será a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, a quen lle corresponderá desenvolver as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.

A xestión dos fondos públicos asignados ao programa bonos Activa comercio levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

#### Artigo 9. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que realicen as actuacións establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras. Para seren beneficiarias terán que tramitar as súas solicitudes conforme o establecido nesta orde.

#### Artigo 10. *Alta e requisitos dos comercios para a adhesión ao programa*

Os establecementos comerciais retalistas que desexen adherirse ao programa bonos Activa comercio deberán rexistrarse na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) indicando a seguinte información:

- Nome e apelidos ou razón social.
- Establecemento comercial en Galicia.



- NIF.
- Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante.
- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal (incluído no anexo I).
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.

2. A adhesión ao programa bonos Activa Comercio será única para todas as edicións do programa que se convoquen no ano 2026.

O prazo de adhesión comprenderá desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de decembro de 2026 ou, de ser o caso, ata o esgotamento do crédito da última edición convocada.

3. Poderán adherirse ao programa bonos Activa comercio os establecementos comerciais retalistas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia (establecemento comercial en Galicia) e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
- b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.
- c) Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no anexo I desta orde.

4. A alta e o uso da aplicación polas persoas comerciantes suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679



do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do cal serán informadas convenientemente.

5. Na alta para a adhesión ao programa as persoas comerciantes poderán outorgar a súa autorización para recibir información das axudas, actuacións e programas que poña en marcha a Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

6. As persoas comerciantes deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigadas a cumprir. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá comprobar e, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

7. Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta orde.

8. O nome comercial e a localización dos establecementos retalistas adheridos ao programa bonos Activa comercio farase pública na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

9. As persoas comerciantes adheridas ao programa recibirán cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada para tal efecto, a cantidade equivalente aos bonos trocados no seu establecemento, agás no suposto previsto no artigo 20 destas bases reguladoras.

#### Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Poderán consultarse automaticamente os datos das persoas comerciantes incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).



2. Poderán consultarse automaticamente os datos das persoas usuarias incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

DNI ou NIE da persoa solicitante.

3. No caso de que a persoa interesada se opoña á súa consulta, deberá achegar os correspondentes documentos.

4. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

5. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 12. *Presentación da solicitude dos bonos*

1. Para a solicitude e a obtención dos bonos, cada persoa usuaria deberá darse de alta na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) indicando a seguinte información:

- a) Nome e apelidos.
- b) Maioría de idade.
- c) DNI ou NIE.
- d) Localidade de residencia (código postal).
- e) Número de teléfono móbil.
- f) Correo electrónico.

2. O uso da páxina web e a descarga dos bonos polas persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do cal serán informadas convenientemente.



3. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

4. Así mesmo, as persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

5. Opcionalmente, os bonos poderán solicitarse presencialmente na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As persoas interesadas, ou os/as seus/súas representantes, poderán autorizar expresamente os/as empregados/as para a solicitude e a obtención dos bonos en formato papel. Neste suposto, deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración responsable en comparecencia persoal da persoa interesada ante o/a funcionario/a da Administración.

### Artigo 13. *Sistema de funcionamento dos bonos*

1. A descarga dos bonos polas persoas usuarias realizarase na web [www.bonosactiva-comercio.gal](http://www.bonosactiva-comercio.gal). Os bonos terán formato dixital a través dun código QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha APP que permita realizar pagamentos (Wallet ou similar).

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os/as comerciantes terán que descargar no seu móbil a APP bonos Activa comercio.

3. No momento da compravenda, os/as comerciantes terán que introducir na APP o importe e o concepto da venda e aparecerá automaticamente o importe que deben cobrar (unha vez aplicado o desconto). O concepto da venda introducido na APP debe corresponderse coa numeración do ticket ou factura de compra entregada á clientela.

Pola súa banda, as persoas usuarias deberán mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada.

4. Os bonos descargados poderanse utilizar ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance o orzamento que se estableza nas correspondentes ordes de convocatoria de cada unha das edicións do programa.



5. Nas correspondentes ordes de convocatoria de cada unha das edicións do programa poderanse establecer, de ser o caso, as bases dun sorteo en que poderán participar as persoas beneficiarias dos bonos Activa comercio nos termos que se establezan nas ditas bases.

#### Artigo 14. *Obrigas dos comercios retallistas adheridos ao programa*

Os establecementos comerciais adheridos ao programa bonos Activa comercio adquiriran, a través da solicitude de adherencia ao programa, as seguintes obrigas:

a) Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa bonos Activa comercio.

b) Facer o desconto directo dos bonos nos tickets ou facturas de compra emitidos, de xeito que as persoas usuarias non cheguen a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado. Para estes efectos, o ticket ou factura de compra deberá reflectir, en todo caso, o importe da compra, o importe do desconto do bono e o importe final que se debe pagar.

c) Especificar por escrito na zona de caixa, de forma visible, a política de devolución establecida no punto 5 do artigo 16 destas bases reguladoras.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.

e) Conservar durante un ano todos os tickets ou facturas de compra xustificativas da aplicación dos bonos, mentres poidan ser obxecto de comprobación e control por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

f) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido e comprometerse a non llelas facilitar a outras persoas ou establecementos.

#### Artigo 15. *Órganos competentes para a instrución e resolución*

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención.



Corresponderalle á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditar a resolución correspondente, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

#### Artigo 16. *Condicións de uso dos bonos*

1. En cada unha das edicións convocadas do programa bonos Activa comercio, cada persoa beneficiaria disporá dun único bono, que poderá ser usado nun ou varios dos comercios retallistas adheridos ao programa.

2. Cada bono terá un valor de ata 30 €. En función do importe das compras, poderán obterse os seguintes descontos:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías se entenden co IVE incluído.

3. A validez dos bonos estenderase ata a finalización do período previsto nas correspondentes ordes de convocatoria de cada unha das edicións do programa.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os/as comerciantes terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das súas vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O/a comerciante non poderá aboar á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

6. Non será aplicable a troca dos bonos para as compras en liña.

#### Artigo 17. *Data de descarga dos bonos*

Os bonos estarán dispoñibles na web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) para a súa descarga polas persoas usuarias durante o período de tempo previsto nas correspondentes ordes de convocatoria de cada unha das edicións do programa.



**Artigo 18. *Vixencia do programa***

O programa bonos Activa comercio estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

Mediante orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderase modificar a devandita data se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellan, do cal se dará a oportuna publicidade.

**Artigo 19. *Instrución e resolución de concesión***

Coa troca dos bonos na forma establecida no artigo 13 destas bases reguladoras, as axudas entenderanse concedidas ás persoas beneficiarias.

A resolución de concesión das axudas publicarase na páxina web oficial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con indicación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

**Artigo 20. *Xustificación e inspección***

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, como responsable do programa bonos Activa comercio, reserva para si o dereito de realizar, durante o período de vixencia dos bonos e a posteriori e de forma aleatoria, cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control considere oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá cancelar a súa adhesión ao programa bonos Activa comercio. Neste caso comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora, co fin de impedir a troca de bonos e paralizar o proceso do seu pagamento ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os comercios retalistas adheridos ao programa bonos Activa comercio están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas concedidas.

Alén do anterior, estas axudas están sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás



actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

**Artigo 21. *Incompatibilidade con outras axudas***

As axudas obtidas ao abeiro desta orde serán incompatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente desta ou doutras administracións públicas para a mesma actuación subvencionable e a mesma persoa beneficiaria.

**Artigo 22. *Información básica en materia de protección de datos persoais***

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade financeira adxudicataria e a Xunta de Galicia, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten a condición de responsable do tratamento. Os ditos datos serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión dos bonos Activa comercio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos con base na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), e no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Para a entrega do material coa imaxe corporativa do programa bonos Activa comercio aos establecementos adheridos, a información relativa ao nome comercial e ao enderezo postal do comercio retalista, ao nome da persoa representante e ao teléfono móbil poderá ser comunicada a terceiros colaboradores.

Os nomes comerciais dos comercios retalistas adheridos ao programa serán publicados na páxina web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Así mesmo, poderán exercer os devanditos dereitos no correspondente enderezo da entidade financeira colaboradora: Servizo de Atención ao Cliente de Abanca, rúa Nova, 1, entreplanta, 15003 A Coruña, ou a través do



correo [atencioncliente@abanca.com](mailto:atencioncliente@abanca.com); e poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos na política de privacidade da entidade publicada na web: <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>

As persoas interesadas poderán consultar máis información e contactar co delegado de protección de datos (DPD) na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

#### Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 24. *Información*

As persoas interesadas poderán obter información adicional a través da web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento poderán facer uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

#### Artigo 25. *Rexistro público de subvencións*

A solicitude da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública.

#### Disposición adicional única. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta.



Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

José González Vázquez  
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

#### ANEXO I

#### **Grupos e epígrafes do IAE**

651.1. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapizaría.

651.2. Comercio polo miúdo de toda clase de pezas de roupa para o vestido e toucado.

651.3. Comercio polo miúdo de lenzaría e corsetaría.

651.4. Comercio polo miúdo de artigos de mercería e paquetaría.

651.5. Comercio polo miúdo de pezas especiais.

651.6. Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.

651.7. Comercio polo miúdo de confeccións de peletaría.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.



652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e artigos para a hixiene e o aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653.1. Comercio polo miúdo de mobles (agás os de oficina).

653.2. Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.

653.3. Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxería, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos).

653.6. Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.

653.9. Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar NCOP.

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, artigos e aveños ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.1. Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixutería.



659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.8. Comercio polo miúdo denominado sex-shop.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

972.1. Servizos de peiteado de señora e cabaleiro.

972.2. Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

